

Riscos e Recomendacións Básicos para: PEÓNS



Servizo de Prevención
de Riscos Laborais



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Coa colaboración de:



FREMAP

Mutua de Accidentes de Trabajo e Enfermedades
Profesionais de Seguridade Social Número 61

PEÓNS: OS MÁIS VULNERABLES

Máis da metade dos accidentes en que está implicado un peón rexístranse por invadir este a calzada ou por cruzala de forma indebida.

Tal e como se reflicte nas estatísticas, en España **morren** cada ano ao redor de 1.000 persoas atropeladas.

Segundo a DXT, o peón é o responsable de sete de cada dez atropelos.

PRECAUCIÓNS QUE DEBEMOS TER EN CONTA

NA CIDADE

- ❖ Se non hai zonas peonís, camiñe o máis preto posible dos edificios, sempre de fronte ao tráfico.
- ❖ Cando transite pola beirarrúa, nunca o faga polo bordo nin moi preto del, así evita caídas e posibles atropelos.
- ❖ Hai que cruzar a rúa nas interseccións ou polo paso de peóns marcado. Deberá deterse na beirarrúa sen invadir a calzada.
- ❖ Nos pasos de peóns, procure circular pola zona máis afastada da dirección dos coches, é onde menos accidentes se producen.



❖ Observe todas as vías de circulación antes de cruzar, comprobando visualmente cada carril e non pase ata que non estean parados todos os vehículos. Non se debe correr pero tampouco parar no medio da calzada.

❖ Debemos cruzar as rúas polo camiño máis curto, sempre en liña recta e nunca en diagonal. Cantos menos metros se percorran menor risco haberá.

❖ Nas prazas e rotondas extreme a precaución. Non cruce polo medio, fágao polos pasos de peóns, rodeando a praza ou a rotonda até chegar ao lugar desexado.

❖ Se ten que cruzar a calzada preto dun autobús ou dun vehículo de grandes dimensións, cruce sempre por detrás deste, nunca por diante. Con iso conseguirá ver e ser visto polos vehículos que están a circular.



❖ Unha vez que se poña verde o semáforo para peóns, non hai que lanzarse sen máis á calzada, hai que mirar a ambos os dous lados e esperar uns segundos antes de cruzar.

❖ Extreme a precaución cos vehículos longos (autobuses, camiións etc.), xa que ao virar estes as rodas trasleiras péchanse respecto das rodas dianteiras e resulta fácil sufrir un atropelo.



❖ Preste especial atención durante os días chuviosos. Por unha banda, os paraugas diminúen a visibilidade aos peóns e, por outro, o frecuente que se empanen os cristais dos coches, o que lles dificulta a visión aos condutores.

❖ Non salte nin esquivar obstáculos, xa que se corre o risco de caer e ser arrojado polos vehículos que se atopan circulando.

NA ESTRADA

- ❖ Se circula pola estrada como peón, fágao sempre polo lado esquerdo da calzada de tal forma que ao camiñar sempre vexa os coches vir de fronte.
- ❖ Camiñe sempre pola beiravía, e en caso de non a haber, circule sempre o máis afastado posible do bordo da calzada. Se vai acompañado, camiñe en ringleira.



❖ Procure non cruzar nas curvas nin nos cambios de rasante, debido á pouca visibilidade que permiten. Son os lugares máis perigosos para cruzar.

❖ Se ten que camiñar de noite, use roupa con materiais reflectores (cinto, chaleco, brazaletes etc.) ou luminosos. Leve unha lanterna.

❖ Non cruce un paso a nivel cando se divise o tren, aínda que este se encontre lonxe ou cando xa se atopan baixadas as barreiras.

❖ Está totalmente prohibido camiñar polas autoestradas e atravesar estas.

❖ Estea alerta ante calquera ruído do motor, luces de vehículos ou bucina.

❖ Evite o uso dos auriculares ou do teléfono mentres camiñe.

❖ Lembre que ten que ceder o paso aos vehículos de emerxencia cando teñen activados os sinais luminosos ou acústicos.

❖ Camiñar baixo a influencia do alcohol aumenta as probabilidades de sufrir atropelos.

PRECAUCIÓNS DOS PEÓNS FRONTE AOS CICLISTAS


- ❖ Evite circular polas sendas especificamente reservadas para os ciclistas, xa que nelas está prohibido o tránsito de peóns.
- ❖ Non se deixe guiar polo oído ao cruzar a rúa, hai que ter en conta que a bicicleta é un medio de transporte moi silencioso.
- ❖ Se aparece un ciclista lanzado pola beirarrúa, non hai que pórse nervioso, xa que posiblemente o esquivará sen problemas.

PRECAUCIÓNS DOS CICLISTAS FRONTE AOS PEÓNS

- ❖ Ante un peón hai que extremar a prudencia.
- ❖ Se se circula en bicicleta, nunca se invadirán as beirarrúas nin os camiños peonís. En caso de ter que cruzar un destes espazos, hai que baixar da montura.
- ❖ Extreme as precaucións nos semáforos, nas proximidades dos pasos de peóns e nas zonas próximas a parques, colexios, residencias de maiores etc.
- ❖ Se circula polo carril-bici e coincide cun peón, procure non o asustar, evitando pasar demasiado preto do viandante, xa que o pode atropelar.

LEMBRE

- ❖ Transite polas beirarrúas.
- ❖ Respecte os sinais e os pasos de peóns para cruzar.
- ❖ Comprobe ambos os lados da rúa antes de cruzar.
- ❖ Extreme as precaucións cos vehículos industriais ou extremadamente longos.
- ❖ Non cruce co semáforo en "amarelo".
- ❖ Evite no posible circular polo carril-bici.



© FREMAP

Ctra. de Pozuelo nº 61
28220 Majadahonda (Madrid)